



Equipo de Dinamización Lingüística

Proxecto de fomento de uso do galego

Curso 2014/15

IES Ribeira do Louro (O Porriño)

1. BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO. (No Proxecto Lingüístico do Centro analízase moito máis polo miúdo. Publicámolo tamén con gráficos na nosa revista escolar *Órbita-2012* nas páxinas 3, 4 e 5 (<http://www.edu.xunta.es/centros/iesribeiralouro/node/637>)

Velaquí a medición poderada, aplicada ao noso centro, dos catro índices máis importantes definidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística:

Contexto sociolingüístico:

- Familias: 13 (sobre 20)
- Comunidade: 18 (sobre 40)
- Concello: 20 (sobre 30)
- Asociacións: 5 (sobre 10)

Situación do profesorado:

- Lingua habitual: 18 (sobre 40)
- Capacitación: 7 (sobre 10)
- Disposición: 5 (sobre 10)
- Actitudes sobre a normalización do galego: 13 (sobre 20)
- Actitudes sobre o galego no ensino: 15 (sobre 20)

Situación do alumnado:

- Lingua habitual: 11 (sobre 30)
- Lingua familiar: 6 (sobre 10)
- Lingua habitual no centro: 3 (sobre 10)
- Competencia comunicativa: 12 (sobre 20)
- Actitudes sobre a normalización do galego: 10 (sobre 15)
- Actitudes sobre o galego no ensino: 12 (sobre 15)

Ambientalidade lingüística do centro:

- Uso do galego na documentación: 14 (sobre 15)
- Uso do galego nas comunicacións co alumnado: 11 (sobre 15)

- Uso do galego nas interaccións informais profesor-alumno: 5 (sobre 10)
- Uso do galego polo persoal non docente: 6 (sobre 10)
- Uso do galego na ANPA: 6 (sobre 10)
- Uso do galego nas actividades extraescolares: 6 (sobre 10)
- Fondos en galego na biblioteca: 8 (sobre 10)
- Presenza do galego nas TIC: 6 (sobre 10)
- Visibilidade das accións do EDL: 9 (sobre 10)

2. OBXECTIVOS

Unha vez coñecidos os índices anteriores, o Equipo de Dinamización Lingüística do I.E.S. Ribeira do Louro (O Porriño), dentro do marco legislativo que regula a utilización da lingua galega no ensino (Lei de normalización lingüística e Decreto 79/2010), propónse unha serie de obxectivos en cada un dos catro sectores:

a) Contexto sociolingüístico:

Desexamos proxectar cara ao exterior o maior número de actividades e producións do noso centro. Como logo veremos na descrición de actividades, durante este curso está previsto de novo que diversas exposicións preparadas polo noso Equipo, como a de “Árbores e plantas de Galiza” ou “Peixes e mariscos de Galiza”, visiten outros centros educativos (nos últimos cursos teñen estado noutros centros do Porriño, Vigo, Allariz, Ponteareas, Salceda, Brión, Salceda). E o mesmo desexamos facer coa actividade teatral “Grandes mulleres da historia”, que nos cinco últimos anos académicos acudiu a institutos de Tui, Ponteareas, O Carballiño, Verín, Vigo, e mesmo foi elixida hai catro cursos polo concello desta última cidade para celebrar o Día da Muller nunha céntrica praza. A interacción instituto-contorno reflectirase tamén na representación fóra do instituto das pezas teatrais que preparamos: o mesmo que o curso pasado un dos grupos de teatro (obra: *Criaturas*, de Roberto Vidal Bolaño) acudiu ao Centro de Día situado na parroquia de Torneiros, no Porriño, xa no primeiro trimestre deste curso, o 6 de outubro, levamos a traxedia grega ao IES Taboada Chivite, de Verín; neste instituto dezaioito dos nosos estudantes representaron *Edipo rei*, de Sófocles, na que os actores e

actrices levaron máscaras inspiradas nos modelos gregos, elaboradas tamén polo alumnado do noso instituto. De por parte, como fixemos no curso pasado, nos vindeiros meses temos previsto proxectar no Centro Cultural do Porriño a película *Retrincos Teatrais 2015*, nunha sesión aberta a toda a cidadanía, unha fita de teatro filmado que vén a ser o resultado de múltiples sesións de gravación de diversas pezas. Ademais, desexamos distribuír a revista *Ollos de aula* entre as familias do noso alumnado, unha publicación da Coordinadora Galega de Equipos de Dinamización e Normalización Lingüística, da que o noso Equipo forma parte.

b) Profesorado.

Neste sector centraremos os nosos esforzos en conseguir a implicación do maior número de compañeiros na realización de actividades normalizadoras de calidade. Estamos convencidos de que se queremos gañar actitudes favorables neste estratéxico compoñente educativo debemos pór a nosa atención en que todas as actividades nas que participe o EDL tendan a excelencia.

c) Situación do alumnado.

Se cadra o cometido máis importante ao que estamos chamados é o de contribuírmos a recuperar o prestixio social da lingua entre a mocidade. Cómpre non esquecer a procedencia semirural de gran parte do alumnado que acode ao noso centro, o que nos obriga xa non só a gañar falantes de galego, senón, en primeiro lugar, a conservar os que temos. É certo que a esmagadora maioría dos medios de comunicación en castelán, sobre todo os televisivos, non nos axudan demasiado neste eido; secomasí, debemos lembrar que o eido escolar constitúe un espazo de socialización importantísimo entre os máis novos e cómpre que o aproveitemos. Por iso deseñamos moitas actividades que teñen que ver cos usos orais e que poden conectar cos intereses dos estudantes: teatro, cinema, radio, karaoke, dobraxe, composición musical.

b) Ambientalidade lingüística do centro.

Neste aspecto o noso obxectivo debe ser manter as puntuacións altas, e mellorar as que sexan baixas, co obxectivo de facermos do noso centro ese “ecosistema” favorable ao uso do noso idioma,

para que o alumnado galego-falante non agoche a súa lingua e o estudiantado castelán-falante sinta o estímulo de aprender e utilizar a lingua galega.

3. CONXUNTO DE ACTIVIDADES

O conxunto de actuacións que nos propomos realizar será incluído na programación anual de actividades do noso instituto e no Proxecto Lingüístico do Centro. Como se poderá comprobar, para moitas delas apenas se precisan cartos, senón algo máis importante: ilusión e tempo. **As actividades para as que se solicita financiamento á Dirección Xeral de Política Lingüística están explicadas no apartado 4.**

Actuacións de carácter xeral para potenciar o uso da lingua

-Aspectos visuais e documentais:

- a) Arrequeantar a utilización do galego en todo tipo de carteis e avisos presentes nos espazos comúns do centro, ben sexan rótulos permanentes ou ocasionais.
- b) Redactar en galego toda a documentación do centro, tanto a de uso interno (actas, convocatorias, impresos de avaliación...), coma externo (comunicados, boletíns de notas, publicacións...), e tanto de carácter administrativo coma pedagóxico.
- c) Manter os carimbos (rexistros de entrada e saída, o do centro, os da biblioteca, etc.) no noso idioma.
- d) Establecemento dun taboleiro permanente no instituto con información sociolingüística. Preocuparémonos especialmente en apañar da prensa todas aquelas novas que supoñan un avance na recuperación do prestixio social da lingua, de cara a impulsar a creación de actitudes positivas respecto do noso idioma.
- e) Edición en galego da páxina web do centro, cun espazo específico para as actividades levadas a cabo polo EDL.

-Usos cotiás:

- f) Utilización do galego nos actos todos que o centro organice: xuntanzas, festivais, relatorios...
- g) Emprego da lingua galega por parte dos profesores e do persoal non docente coas familias, co alumnado e coas persoas alleas ao centro (representantes, distribuidores...).

Actividades específicas con especial incidencia normalizadora

- h) Organizar e coordinar varios grupos de teatro no centro, de cara a montar diversas obras na Semana do Libro e na Semana das Letras Galegas.
- i) Colaborar co Departamento de Filosofía na representación teatral *Grandes mulleres da historia*, na que un bo feixe de estudantes asumirán o rol dalgúns personaxes femininos sobranceiros.
- j) Darlle en xeral especial pulo a todas as actividades nas que se potencien os usos orais por parte do alumnado: cinema, teatro, dobraxes, composición musical, etc.
- k) Crear a figura do voluntario lingüístico entre o alumnado, con funcións como a de acoller a estudantes non galegofalantes, colaborar co EDL, participar na organización das actividades, etc. Establecer pautas de compromiso e fidelidade lingüística destinadas ao alumnado, proponendo contratos de uso da lingua.
- l) Promover o proceso de galeguización de nomes e apelidos entre o alumnado.
- m) Deseñar un plan de acollida lingüística para o alumnado inmigrante que inclúa, entre outras cousas, unha campaña específica de sensibilización para axudar a virar as actitudes lingüísticas.
- n) Fornecer de libros en galego a biblioteca, dotar as aulas de manuais de consulta, en especial de dicionarios, e mais colaborar cos profesores encargados da biblioteca nun plan de animación da lectura en galego.
- o) Colaborar na organización dos actos das Letras Galegas, considerando este evento non dun xeito estritamente literario, senón unha homenaxe á cultura propia en xeral.

-Fallo dos certames convocados con anterioridade: deseño de carteis con lemas de apoio ao galego, coplas, relatos e guiión de vídeo, este último como primeiro paso para a creación dunha curtametraxe de ficción.

-Elaboración de murais alusivos ao autor homenaxeado, tanto nos muros exteriores do edificio, coma nos taboleiros das aulas e corredores.

- p) Participar en actividades a prol do galego promovidas por outras entidades, coma o Correlingua.,
- q) Outras actividades: contacontos, teatro, conferencias, visitas, etc.

Actividades destinadas á mellora da competencia lingüística

- r) Promocionar o emprego do *gabinete permanente de asesoramento lingüístico*, como ferramenta particularmente útil para aqueles compañeiros que dean as clases en galego ou, e sobre todo, para aqueles que, por mor do escaso coñecemento ou falta de material didáctico, estean interesados en dalas e non se atrevan a dar o paso.
- s) Facer chamamentos ás persoas interesadas en formarse en lingua galega para que se poida demandar da Dirección Xeral de Política Lingüística a realización de cursos de galego (iniciación e/ou perfeccionamento) no centro.
- t) Catalogar os recursos cos que conta o EDL e canalizar ata a autoridade competente as demandas que poidan xurdir dos distintos departamentos docentes, de xeito que se cumpra o artigo 15.3 do decreto (“Os EDL contarán co apoio técnico necesario e os centros terán a debida dotación de recursos didácticos, pedagóxicos e material en galego). Interesaranos nomeadamente fornecer de suficiente material didáctico as áreas que se deben impartir en galego e todas aquelas disciplinas que se estean a impartir en galego no presente curso.
- u) Escolmar material informático que axude o profesorado a traballar en galego: tradutores, correctores, ferramentas informáticas para elaborar recursos (Ardora, Lim, Javaclie, phpwebquest, etc.). Velaquí algúns enderezos útiles para todos:

Sistemas operativos e software libre

OPPEN OFFICE (software libre en galego)

<http://gl.openoffice.org>

MICROSOFT

<http://www.microsoft.es/gal>

ESPAZO DE DIVERSOS RECURSOS:

<http://www.mancomun.org/>

Tradutores de galego en rede

UNIVERSIDADE DE VIGO-OPEN TRAD (Tradutor de textos da Universidade de Vigo, preparado polo Seminario de Lingüística Informática. Para traducir documentos e páxinas web español-galego, galego-español, español-catalán, catalán-español e español-euskera).

<http://opentrad.imaxin.com/>

Correctores

UNIVERSIDADE DE VIGO-ORTOGAL (corrector de textos en liña).

<http://sli.uvigo.es/corrector/>

GOLFIÑO, (corrector gramatical para OPPENOFFICE).

<http://wiki.mancomun.org/index.php/Golfi%C3%B1o>. Corrector gramatical para OpenOffice.org

Dicionarios en rede

DICIONARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA

(Definición e exemplo de cada acepción. Inclúe audios sobre a pronuncia de cada entrada).

<http://www.realacademiagalega.org/diccionario#inicio.do>

DICIONARIO DE DICIONARIOS

(Inclúe definicións de palabras e traducións ao castelán que apareceron en todos os dicionarios galegos escritos dende hai 200 anos. Moi útil cando esas palabras non aparecen no da RAG, que segue a ser aínda moi limitado)

TESOURO INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA –INSTITUTO DA LINGUA GALEGA (USC)

(Para atopar exemplos. Se non encontras unha palabra galega en ningún dos dicionarios anteriores ou non sabes como usala nun contexto concreto, búscala aquí. Aparecen centos de miles de exemplos recollidos de centos de obras literarias, dialectais, etc.

<http://www.ti.usc.es/tilg/>

Enciclopedias en rede

GALIPEDIA, enciclopedia libre en galego.

<http://gl.wikipedia.org/>

Para ampliar información consultar o seguinte enlace:

http://www.xunta.es/linguagalega/o_galego_nas_novas_tecnoloxias#paquetes

- v) Darlle pulo á utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, promovendo a súa identificación co uso do galego: programas informáticos en galego, creación de weblogs colectivos... Sería de utilidade a elaboración dun itinerario galego en Internet, no que se inclúan portais, buscadores, etc., que empreguen o galego como lingua vehicular.
- w) Diseñar vocabularios visuais para aprendermos os nomes correctos de árbores, plantas medicinais, peixes, mariscos, cogomelos, legumes, verduras e hortalizas, aves, etc. Esta actividade incluírase nun proxecto maior destinado a que a comunidade educativa coñeza o noso contorno e se sensibilice respecto dos problemas que afectan á natureza, amais de que se conciencie sobre a importancia de manter uns hábitos alimentarios saudables.

4. ACTIVIDADES PARA AS QUE SOLICITAREMOS FINANCIAMENTO

4.1 ORGANIZACIÓN DA VIII MONTAXE TEATRALIZADA “GRANDES MULLERES DA HISTORIA”

DESCRICIÓN

Como levamos facendo dende o curso 2007-2008, procuraremos que un bo feixe de estudantes (unhas 20) asuman o rol dalgúns personaxes femininos sobranceiros e practiquen monólogos en galego. Coidamos que resulta unha excelente actividade para practicar a lingua oral e para que toda a comunidade educativa poida descubrir a existencia na historia de figuras femininas excepcionais, aínda que descoñecidas para o público en xeral polo predominio dunha historiografía con tintes machistas.

REPERCUSIÓN:

Aproximadamente vinte estudantes practicarán monólogos en galego e a totalidade do alumnado do centro será espectadora do que teñan que dicir. Para conguirmos un maior impacto con esta actividade, as monologistas actuarán por todas as aulas durante as horas de clase. Se por exemplo un profesor está a impartir a súa clase de matemáticas, será un bo momento para que faga unha paréntese duns minutos, co obxecto de que poida entrar a nosa estudante convertida nunha gran muller matemática, Hipatia de Alexandría, e lles poida contar o relato da súa vida a todos os alumnos da aula.

TEMPORALIZACIÓN:

No primeiro trimestre: constitución do grupo de monologistas, preparación dos textos, asignación dos papeis, búsqueda do vestiario. No segundo trimestre: ensaios. Procuraremos que a representación no noso instituto teña lugar o 8 de marzo, Día Internacional da Muller (como neste ano cadra nun domingo, farémolo na semana inmediatamente anterior). En días posteriores levaremos os nosos monólogos a outros centros educativos.

COORDINADORES:

Virginia Calviño (Departamento de Filosofía)

ORZAMENTO: 200 € para a merca de vestiario e mais para transportar as nosas actrices a outro instituto. Como aconteceu en cursos anteriores, ese centro comprometerase, en calidade de intercambio, a trasladar ao noso instituto algunha actividade educativa na que estean traballando. Por exemplo, hai dos cursos levamos o noso espectáculo ao IES Taboada Chivite de Verín, e o pasado ano académico, un grupo de 70 alumnos e 5 profesores dese instituto ourensán viñeron ao noso centro a representar unha obra sensacional, o musical d' *Os Miserables*, de xeito totalmente gratuíto para nós.

4.2 COLABORACIÓN COA ANPA DO IES RIBEIRA DO LOURO

Colaboraremos coa ANPA do noso instituto para a distribución da revista mensual da Coordinadora Galega de ENDL, da que formamos parte, *Ollos de Aula*, entre os pais, nais e familias do alumnado do noso centro.

ORZAMENTO: 60 € para a impresión de copias.

4.3. RODAXE DE PELÍCULAS

-Os alumnos de 1º BACHARELATO elaborarán guións e procurarán filmalos en vídeo. Os estudantes serán tamén os actores e actrices. As curtametraxes terán unha duración de menos de cinco minutos.

COORDINADORES:

Alumnos de 1º de Bacharelato

Raquel Santaolalla (Departamento de Tecnoloxía)

ORZAMENTO:

30 €: DVDs virxes para facer copias das películas.

4.4 CELEBRACIÓN DO DÍA DA CIENCIA EN GALEGO.

a) A CIENCIA DA PROGRAMACIÓN DE ORDENADORES (TAMÉN EN GALEGO)

Co gallo da celebración do V Día da Ciencia e da Tecnoloxía en Galego, participamos neste curso (5 de novembro) nunha videoconferencia vía web que cada ano organiza a Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística, á que pertence o noso equipo. Este ano a lección por impartida polo profesor da Universidade de Vigo Manuel Caeiro Rodríguez, e titulouse "A ciencia da programación de ordenadores (tamén en galego)".

COORDINADOR: Arturo Longa (Departamento de Tecnoloxía)

b) A TEORÍA DA RELATIVIDADE, POLO NA QUE SE ADOPTOU UNHA ORIXINAL METODOLOXÍA DIDÁCTICA, POLO PROFESOR XABIER PRADO.

O profesor de secundaria Xabier Prado veu ao noso centro e explicoulle ao noso alumnado a Teoría da relatividade, adoptando unha moi orixinal metodoloxía didáctica.

COORDINADOR: Delio García Represas (Departamento de Lingua galega)

4.5 VIII XORNADAS MICOLÓXICAS DO IES RIBEIRA DO LOURO

A primeira fin de semana de novembro, afoutamos a todo o alumnado e profesorado para que saíse ao monte a buscar fungos, co obxecto de, no luns inmediatamente posterior, procedermos á súa clasificación e montaxe. Elaboramos material de noso para a identificacións das especies (cos nomes científicos e en galego), contamos cunha exposición fotográfica cedida pola asociación ecoloxista ADENCO e tamén con fichas de traballo procedentes do profesorado do colexio “Ángel de la Guarda”, de Nigrán.

COORDINADORES:

Inmaculada López (do Departamento de Ciencias Naturais)

Euloxio Reinoso (profesor de Educación de Adultos)

4.6 LINGUA GALEGA E CREACIÓN MUSICAL:

A música como actividade comunicativa e expresiva é tamén unha boa ferramenta para o goce e apreciación pola nosa lingua. Procuraremos levar a cabo diferentes actividades con alumnos da ESO e de Bacharelato. Á marxe da interpretación de música galega, propóñense as seguintes actividades que afondarán na normalización da nosa lingua:

1. Realización de Podcast. Programa de radio en formato mp3, subido á páxina web do centro e coa posibilidade de descarga para ser reproducido nun reprodutor móbil. O alumnado mezcla a súa propia voz con música. Actividade programada para 4ºESO e 1ºBacharelato.

Material necesario: Gravadora portátil mp3, ordenador e software de edición de audio.

2. Composición de letras en diferentes formatos musicais:
 - Regueifas. Cuartetos con rima – a – a. Rivalidade creativa entre dous grupos.
 - Rap. Creación de letras rítmicas que encaixen nunha base musical existente.

Actividade programada para 2º e 3ºESO.

3. Interpretación vocal. Utilizarase vocabulario galego para exemplificar a acentuación musical. Estas palabras servirán para a realización de sinxelos xogos vocais, imprescindibles para o canto colectivo. Actividade programada para tódolos cursos.

4. Elaboración de produtos audiovisuais. Actividade programada para 4ºESO e 1ºBacharelato.

- Invención dun conto ou historia a partir de imaxes dadas. Gravación da voz do narrador e personaxes, mezcla posterior coas imaxes e banda sonora.
- Realización dun video musical. Por exemplo un *libdub* (Vídeo en un só plano secuencia)
- Creación de video-clips subtitulados coas cancións da propostas en clase.

Material necesario: Cámara de video, micrófonos, ordenador e software de edición de audio e video.

5. Seguimento do blogue “Sons do Louro”(en construción), onde os cursos de 3ºESO, 4ºESO e 1ºBacharelato participarán activamente subindo contidos relacionados coa música, coas linguas e as novas tecnoloxías. Empregarase o galego como idioma principal deste espazo web.

<http://sonlourosos.wordpress.com/>

6. Concerto didáctico no auditorio do centro do músico galego “**Narf**” co espectáculo “De Rosalía a Craveirinha. A marabillosa viaxe da lingua Galega”.

COORDINADOR:

David Barros (Profesor do Departamento de Música)

ORZAMENTO: 90 € para o devandito concerto didáctico.

4.7. OBRADOIRO DE POESÍA PARA CELEBRAR O DÍA DA PAZ

-Os alumnos de 1º ESO farán práctica de composición poética, co gallo de dar a coñecer as súas creacións o 30 de xaneiro, nun acto no que asistirá todo o alumnado do centro.

COORDINADOR:

Delio García (Profesor do Departamento de Lingua galega)

4.8 LINGUA GALEGA E LINGUA INGLESA

a) Creación por parte do noso profesorado de idiomas do blogue “Pedagogía do afecto” en inglés e galego, onde se publican experiencias educativas relacionadas coa práctica na clase e se procura fomentar o gusto pola aprendizaxe de linguas.

b) Conmemoración do Día da paz.

c) O rei paxaro: A nosa biblioteca conta cunha selección de álbum ilustrado e novela gráfica entre os que se atopa o ilustrador que poderíamos chamar de culto, Shaun Tan. Este foi o autor que nesta ocasión escolleu o alumnado de 1º de Bacharelato e 4º de ESO como excusa para contar unha pequena historia a partir destas imaxes. Cada alumna/o seleccionou unha que lle serviría como pretexto para crear un relato curto en inglés (coa tradución ao galego), que ademais decoraron segundo o seu gusto.

COORDINADORA: Olga Lalín (Departamento de inglés)

ORZAMENTO: 20 € (pinturas e outros materiais de papelería)

4.9 ESTUDO, CATALOGACIÓN E SINALIZACIÓN DO IMPORTANTE NÚMERO DE ÁRBORES E ARBUSTOS QUE EXISTEN DENTRO DO NOSO RECINTO ESCOLAR E MAIS AMPLIACIÓN DA NOSA EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA “ÁRBORES E PLANTAS DE GALIZA”.

A actividade persegue un dobre obxectivo: en primeiro lugar, lograr que os alumnos e alumnas sexan quen de identificar visualmente as máis importantes especies vexetais que existen no noso país e tamén no propio centro; e, en segundo lugar, facer máis doado que poidan referirse a elas en galego.

COORDINADORA:

Inmaculada López (Departamento de Ciencias Naturais)

ORZAMENTO: 90 € para cartuchos de tinta, placas e soportes de etiquetaxe.

4.10 VISITA AO MUSEO DE LUGO E MAIS AO CASTRO DE VILADONGA.

Destinatarios: alumnado de 3º e 4º ESO.

Obxectivo principal: tomar contacto coa nosa cultura e as súas orixes, ver a repercusión da prehistoria no noso contorno e mais a simboloxía utilizada.

COORDINADOR: Xosé M. Míguez (Departamento de Lingua Galega)

ORZAMENTO: 70 € para o transporte do alumnado ata Lugo.

4.11 FESTA DO MAGOSTO, DOS XOGOS TRADICIONAIS E MAIS DO ENTROIDO.

COORDINADORA:

Ana Perdiguero (Departamento de Orientación)

ORZAMENTO: 50 € para premiar as mellores comparsas e coplas en galego durante o entroido.

4.12 PARTICIPACIÓN NO CORRELINGUA DO ALUMNADO DE 1º ESO

COORDINADORA:

Ana Perdiguero (Departamento de Orientación)

ORZAMENTO: 70 € para o transporte do alumnado ata Vigo

4.13 COLABORACIÓN CON OUTROS EQUIPOS DE NORMALIZACIÓN DOUTROS CENTROS EDUCATIVOS:

-Durante o primeiro trimestre do curso pasado, tivo lugar a representación no noso instituto do sensacional **musical *Os miserables***, por parte de setenta alumnos do IES Taboada Chivite de Verín, dirixido polo profesor David Rodríguez Rivada, no que se incluíu unha versión inédita en galego da “Canción do pobo”. Pois ben, o 6 de outubro deste curso 2014-15 acudimos nós a ese centro coa nosa obra *Edipo rei*. A representación resultou un éxito, igual que o foi a deles aquí.

-Durante este curso, fomos xa convidados por varios institutos para celebrar o Día Internacional da Muller, e a nosa intención é acudir a un deles cos nosos monólogos, e a outro para representar unha obra teatral máis, *O rei nu*.

4.14 CONFERENCIA: "O PETRÓGLIFOS E A LINGUA GALEGA NA ACTIVIDADE EMPRESARIAL", QUE SERÁ PRONUNCIADA POLO ARQUEÓLOGO E EMPRESARIO XOSÉ LOIS VILAR ("FROITAS VILAR")

COORDINADOR: David Costa Giráldez (Departamento de Ciencias Sociais)

ORZAMENTO: 60 € (para o relator)

4.15 HOMENAXE A FILGUEIRA VALVERDE. XOGO PISTA A PISTA:

Os alumnos, agrupados por equipos, deberán atopar as respostas a distintas preguntas relacionadas co autor homenaxeado no Día das Letras. As pistas atoparanse na biblioteca, en Internet e en distintas exposicións. O tempo de chegada á meta e a exactitude nas respostas dirimirán os gañadores.

COORDINADOR

Xosé Manuel Míguez (Equipo de Biblioteca)

ORZAMENTO: 50 € para premios (libros).

TOTAL QUE SE SOLICITA: 800 €

5. OUTRAS ACTIVIDADES DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DO IES RIBEIRA DO LOURO (PARA ESTAS NON SOLICITAMOS FINANCIAMENTO)

5.1 REPRESENTACIÓNS TEATRAIS POR PARTE DOS ESTUDANTES

DESCRIPCIÓN E REPERCUSIÓN

Dende o comezo do curso, e como levamos facendo dende hai cinco anos, estamos a potenciar a a actividade teatral entre o noso alumnado, convencidos como estamos das enormes posibilidades que este recurso ofrece na mellora educativa en múltiples aspectos: memoria, expresión oral, control dos nervios á hora de falar en público, capacidade de integración, responsabilidade ao traballar en

equipo, autoestima, creatividade... É, sen dúbida, unha das actividades centrais do noso equipo dinamizador, a que máis esforzos continuados require e a de máis intensa repercusión educativa. O noso EDL está coordinando o funcionamento de dous grupos teatrais, co obxectivo de representar retrincos estas dúas pezas:

FLORALBA, de Manrique Fernández

O BUFÓN DE EL-REI, de Vicente Risco:

Ademais retomamos a preparación destas obras:

- EDIPO REI, de Sófocles (como apuntamos máis arriba, foi representada o 6 de outubro no IES Taboada Chivite, de Verín)
- *O REI NU*, de Quico Cadaval e Cándido Pazó (a nosa intención é levala a diversos institutos a partir de marzo)
-

TEMPORALIZACIÓN:

O obra en verso *Floralba* procuraremos que estea pronta en abril, para a semana do libro, co adaxo de colaborar coas actividades do grupo de biblioteca do noso centro educativo. Na semana das letras galegas levaremos a cabo a representación desa peza e mais *O bufón de El-Rei*, para as que programaremos dúas funcións, unha en horario diurno para a maioría do alumnado, e outra en horario nocturno para o estudantado de adultos e mais para as familias dos nosos actores e actrices.

5.2 PUBLICACIÓN DA REVISTA: *CADERNOS DE TEATRO DO IES RIBEIRA DO LOURO*.

Dada a importante actividade teatral no noso centro, facíase necesaria esta publicación no que se dese cabida aos textos e estudo crítico das obras representadas, á reportaxe gráfica das funcións, a opinión dos actores e actrices, etc.

5.3 RODAXE DAS PELÍCULAS *CRIATURAS, O REI NU E MAIS EDIPO REI*

Aproveitando o traballo teatral que realizamos no curso pasado con varias obras, rodaremos e montaremos durante o primeiro trimestre deste curso a película titulada “Retrincos teatrais 2015” e estreámola en xaneiro no Centro Cultural do Porriño (neste enderezo pódese ver a do curso pasado: <http://www.edu.xunta.es/centros/iesribeiralouro/>).

O coordinador do EDL do IES Ribeira do Louro, Delio García Represas

Visto e prace da directora do IES Ribeira do Louro, Juana Rosa Muñoz Ibernón